

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://acortar.link/PDM11h		
Data:	08/04/2026	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (09-03-2026)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 09/03/2026 coa corrección que na acta anterior poñía que Pelayo asistiu e non asistiu ao mesmo tempo, cando en realidade si que asistiu.

2. CESA

Continúa a Presidenta para informar sobre a participación no CESA, indicando que xa se solicitaron orzamentos para o transporte en autobús. Así mesmo, expón as opcións de aloxamento, sinalando a posibilidade de pernoctar en solo duro ou ben no Hotel Los Templarios, que ofrece pensión completa por un importe de 59 euros por día.

Indica que existe unha partida orzamentaria de 8.000 euros destinada ao CESA, a cal, previsiblemente, se destinará na súa maior parte ao transporte. Engade que, no caso de participar un total de 28 persoas (24 deportistas e 4 técnicos/as), o custo estimado de aloxamento e manutención ascendería a 1.652 euros.

A continuación, a Presidenta consulta ao tesoureiro sobre a viabilidade de dispoñer desta contía económica, ao que este responde afirmativamente, se ben advirte que isto implicará a necesidade de realizar axustes ou recortes noutras partidas orzamentarias previamente establecidas.

3. CPOs

Neste punto Sonia expón unha proposta recibida por parte de Xan (completar apelido), autor do libro sobre circuitos permanentes de orientación, sobre o procedemento a realizar para a homologación dos devanditos circuitos. En concreto, Xan envía unha lista formada por xuíces/trazadores da FEGADO como posible forma de designar persoas capacitadas para homologar os devanditos circuitos.

Entre Sonia, Jorge e Adrián discútense a forma correcta de actuar e o tempo. En concreto, Sonia manifesta

as posibles dificultades que poderían xurdir ao estar en ano electoral, coa correspondente disolución da actual Xunta en apenas dous meses. Porén, chégase á conclusión de que si é posible a posta en marcha do proceso de homologación no ano actual.

Exponse que a mellor forma sería a publicación da lista proposta e a realización dun exame/curso para aquelas persoas interesadas en formar parte como persoas homologadoras dos CPOs. Jorge indica que dita lista pode estar incompleta e que sería conveniente actualizala en base ás diferentes formacións actuais. Como conclusión, péchase o punto propoñendo a posta en marcha mediante a publicación dunha lista de posibles persoas candidatas e incluír a posibilidade de anexar persoas que non teñan a formación correspondente (xuíz/trazador).

4. Raid Selección Española

Toma a palabra Adrián, en calidade de vogal de Raid, para informar sobre o procedemento seguido pola FEDO para explicar os criterios empregados para o nomeamento das persoas que integrarán a Selección Española que participará no Campionato do Mundo Júnior de Raids de Aventura, que se celebrará do 23 ao 26 de xullo en Témiscamingue (Canadá), organizado pola IARA.

Indica que, durante a presente tempada, a FEDO publicou unha convocatoria co obxectivo de fomentar e apoiar economicamente a participación de deportistas júnior nesta competición internacional. Unha vez analizadas as solicitudes recibidas, a Dirección Técnica da FEDO, en coordinación co Comité de Raids, procedeu á selección das persoas participantes no programa.

Para levar a cabo este proceso, recompilouse a información achegada nos formularios presentados polas persoas candidatas e valoráronse distintos criterios, entre os que destacan os resultados obtidos en probas de raids e as expectativas de rendemento no Campionato do Mundo. En base a estes factores, asignáronse puntuacións conforme a un baremo establecido, elaborándose unha listaxe ordenada segundo a valoración acadada.

Sinala que todas as persoas seleccionadas contan cun mínimo de participación en probas de raids, con resultados acordes, así como cun nivel suficiente de interese e compromiso. Así mesmo, engade que se procurou favorecer a participación feminina, priorizando a inclusión dunha deportista muller entre as persoas seleccionadas.

5. CEOP Bosque 2026

Intervén a Presidenta para propoñer a recollida de feedback por parte dalgunhas Federacións autonómicas en relación co CEO Bosque 2026. Indica que varias destas federacións teñen previsto presentar un escrito conxunto dirixido á FEDO, no que se recollen determinadas deficiencias detectadas durante a celebración deste campionato en Cataluña.

Entre os aspectos sinalados figuran, entre outros, cuestións relativas aos protocolos de saída, ao deseño e maquetación dos mapas, ao número de WC dispoñibles nas distancias longas, á xestión dos aparcadoiros, así como á presenza de códigos de baliza que non cumprían co regulamento.

Sinala que dito escrito ten carácter de crítica construtiva, co obxectivo de que a FEDO poida ter en conta estas achegas e evitar a repetición destas incidencias en futuros campionatos.

6. Eleccións

Continúa a Presidenta para indicar que o vindeiro día 9 de abril se celebrará unha Asemblea extraordinaria, na que se abordarán os regulamentos e o desenvolvemento dos procesos electorais da FEGADO.

Así mesmo, sinala a necesidade de realizar un labor de sondeo entre as persoas interesadas, co fin de promover a presentación de candidaturas e garantir a participación na futura composición da Asemblea na seguinte lexislatura.

7. Rogos e preguntas

Intervén Alicia para informar sobre o estado da distribución do material deportivo. Indica que está pendente

a entrega da roupa correspondente a todos os DGAN, agás a daqueles nenos e nenas que participaron no CESA o pasado ano.

Así mesmo, sinala que tamén queda por entregar o mono de MTBO aos DGAN que tiveron participación internacional, cun total de tres deportistas.

Engade, ademais, que está pendente a distribución das camisetas de Ottobosley destinadas aos tres gañadores da Liga Galega 2025 en todas as modalidades de orientación.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:30 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.